

¿TE ATREVES?

XXIX TRAVESÍA A NADADOR PRAIA DECOROSO

15 DE AGOSTO





XXIX TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO”

REGULAMENTO

1. Organiza: Club Natación Riveira

Colabora: Concello de Ribeira

2. Lugar, data e hora:

Ribeira, Praia de Coroso

15 de Agosto de 2024

Recollida de dorsais de 9:30 a 10:45

Comezo das probas as 11:00

Entrega de premios as 13:30 aproximadamente

3. Distancias e Categorías:

- **2500m:** nados 2008 e anteriores
- **1250m:** nados 2012 e anteriores
- **400m:** nados 2011 e posteriores
- **150m** aproximadamente: 2013 e posteriores
(NON COMPETITIVA)

Categorías por ano:

- . Benxamín: 2013 e posteriores
- . Alevín: 2011 e 2012
- . Infantil: 2010 e 2009
- . Xunior: 2006, 2007 e 2008
- . Absoluta: 2005 a 1995
- . Master 1: 1994 a 1980
- . Master 2: 1979 a 1965
- . Master 3: 1964 e anteriores

4. Percorridos:

- O percorrido de 2500m será de dúas voltas a un circuito rectangular sinalizado por boias.
- O percorrido de 1250m será dunha volta a un circuito rectangular sinalizado por boias.
- O percorrido de 400m será dunha volta entre dúas balizas facendo un triángulo.
- O percorrido non competitivo de 150m será dunha volta entre una ou dúas balizas.

5. Horarios de saídas aproximadas

Saída 1250m as 11:00 horas.

Saída 2500m as 11:45 horas.

Saída 400m as 12:45 horas.

Saída 150m non competitiva as 13:00 horas.

6. Regulamento e seguridade da proba:

Cada nadador participa baixo a súa responsabilidade, supoñéndose que posúe o nivel suficiente para afrontar a proba. A organización non se fai responsable de calqueira lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falla de forma física do participante.

Tódolos nadadores da travesía, coa súa inscrición, acepta o compromiso de seguridade e descarga de responsabilidade á entidade organizadora da proba e deberán ler o regulamento antes de inscribirse.

O uso de neopreno na travesía é optativo.

A travesía finaliza no momento no que se cruza o arco de meta, sendo comprobada a orde de chegada mediante o chip.

7. Inscricións:

As inscricións poden facerse a partir de 1 de Xuño do 2024 ata o 12 de Agosto de 2024 as 23:59 na páxina web de www.galitiming.com.

A inscrición inclúe:

- . Cronometraxe por chip.
- . Seguro de accidentes para cada participante.
- . Seguro de protección civil.
- . Avituallamento post competición.

O custe da inscrición será:

- . **1250m e 2500m**: 15 euros do 1 ao 15 de Xuño. 20 euros de 16 de Xuño ao 12 de Agosto.
- . **400m**: 8 euros do 1 ao 15 de Xuño. 10 euros do 16 de Xuño ao 12 de Agosto.
- . **150m** non competitiva gratuita.

8. Premios:

- 150m non competitiva: medalla para tódolos participantes
- 400m: medalla para tódolos participantes e medalla ou trofeo para os 3 primeiros masculino e feminino alevíns e benxamíns.
- 1250m: medalla ou trofeo para os 3 primeiros masculino e feminino alevín, infantil e popular.
- 2500m: medalla ou trofeo para os 3 primeiros masculino e feminino de cada categoría.

Ademáis nesta proba de 2500m haberá premio económico para os 3 primeiros homes e as 3 primeiras mulleres en pasar o arco de meta.

- **1º Clasificado/a: 200 euros**
- **2º Clasificado/a: 150 euros**
- **3º Clasificado/a: 100 euros**

9. Seguridade:

Durante todo o percorrido da proba contarase coa colaboración de protección civil, lanchas, kayaks e socorristas.

A organización do evento resérvase o dereito de facer modificacións no regulamento, se fose necesario para o bo desenvolvemento e seguridade da proba.

